

Ref. CJ/ma

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo:

1º.- Que o 16 de novembro de 1981, o Xurado Provincial de montes Veciñais en Man común adoptou o Acordo de clasificar como tal o denominado "AS REGAS, PENAS APERTADAS, ASTRAR, ABUIN, PONTIGO, CALES VELLAS E SANDE" pertencente á Comunidade entregada polos veciños da parroquia de Pedreda, termo municipal de Lugo. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 120, do venres 28 de maio de 1982, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- Que o 2 do mes en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado pola mesma en Asemblea Xeral celebrada o 20 de maio de 1994, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 90 Hás. do monte da súa pertenza, coa denominación de "AS REGAS E OUTROS", y

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

3º.- Que o Convenio ten por obxecto a repoboación das 90 Hás. a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen no futuro, o aproveitamento das mesmas e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordados con tales fins.

4º.- Que o monte "AS REGAS E OUTROS" queda constituído por:

90 Hás. do monte "AS REGAS, PENAS APERTADAS, ASTRAR, ABUIN, PONTIGO, CALES VELLAS E SANDE".

5º.- Que as superficies actuais do monte "AS REGAS E OUTROS" son:

superficie total	90 Hás.
superficie rasa forestal..	88 "
superficie inforestal	2 "

6º.- Que as especies a utilizar para a repoboación forestal, obxecto do presente Convenio, sexan P. pinaster y P. radiata, de acordo coa natureza do solo e con os desexos da Comunidade propietaria.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

- que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "AS REGAS E OUTROS".

Elenco: 2715055.

Superficie: 90 Hás.

Pertenza: Comunidade Pedreda.

Termo municipal: Lugo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1995.

A XEFA DO SERVICIO DE XESTIÓN DE MONTES.




Fdo.: Carmen Juliani Aguado.

+V°B°
O DIRECTOR XERAL,




Fdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

ILMO. SR.:

Visto o expediente relativo a firma dun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Pedreda, propietarias do monte Veciñal e Man Común "AS REGAS, PENAS APERTADAS, ASTRAR, ABUIN, PONTIGO, CALES VELLAS E SANDE" de 90 Hás. e sito no Termo Municipal de Lugo, e a vista, dos informes favorables emitidos polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de LUGO, e pola Subdirección Xeral de Montes e I. Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 de devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1995

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICAA circular official stamp of the Xunta de Galicia is partially visible behind the signature. The signature itself is in blue ink and reads 'M. J. T. R.' followed by a horizontal line.Asdo.- M^a José Tato Rocha.**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo do informe favorable emitido pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "AS REGAS E OUTROS".
Elenco: 2715055
Superficie: 90 Há.
Pertenza: Comunidade de Pedreda.
Termo municipal: Lugo.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participacion da consellería no vo creado: 30%

Santiago de Compostela¹² de xuño de 1995.

O CONSELLEIRO,

P.D.

SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5055
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **TOMAS PEREZ VIDAL**, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"AS REGAS E PENAS APERTADAS, ASTRAR, ABUIN, PONTIGO, CALES VELLAS E SANDE"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen perxuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de mellores do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Pedreda, termo municipal de Lugo**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"AS REGAS E OUTROS".**

Termo municipal: **Lugo**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Pedreda.**

Límites:

N.: PARCELA I.-

N.- Mais monte veciñal da Comunidade de Pedreda; L.- Mais monte veciñal da Comunidade de Pedreda; S.- Mais monte veciñal da Comunidade de Pedreda e O.- Rego.

S.:

PARCELA II.-

N.- Camiño de Torre a Viña; L.- Propiedades particulares e rego; S.- Propiedades particulares e O.- Camiño de Torre a Viña e propiedades particulares.

L.:

PARCELA III.-

N.- Camiño de Cimadevila a Viña; L.- Propiedades particulares; S.- Antigo Campo de Tiro e propiedades particulares e O.- Propiedades particulares.

Superficie: 90 (NOVENTA) Hás.

Estado forestal: 88 (OITENTA E OITO) Hás. rasas forestais e 2 (DUAS) Hás. rasas inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Sen vexetación arbórea: 90 (NOVENTA) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Pedreda, termo municipal de Lugo.

que achega ó convenio:

- a) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

6ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

9ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisión patrimoniais e actos xurídicos documentados.

10ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

11ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster e P. radiata.

12ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "AS REGAS, PENAS APERTADAS, ASTRAR, ABUÍN, PONTIGO, CALES VELLAS E SANDE".— (PEDREDA-LUGO).— Inscritos con el nº 300 el 29-V-92

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSE TRIGO BARREIRA, e Don JUAN VARELA VÁZQUEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 17-V-92 ata 17-V-96

E para que conste, expido a presente certificación En Lugo, a 24 de abril de 199 5.



Don JUAN VARELA VAZQUEZ, Secretario de Pedreda, término municipal de Lugo.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 de Maio de 1.994 estando designado Don JOSE TRIGO BARREIRA, Presidente de la Comunidad representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pedreda (Lugo) a dous de Maio de mil novecientos noventa e cinco.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

José Trigo
O PRESIDENTE,

Asdo.: José Trigo Barreira.

Juan Varela Vázquez

Asdo.: Juan Varela Vázquez.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

José Trigo

Asdo.: José Trigo Barreira.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,
O CONSELLEIRO,

P/D
SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez
(O. do 13/12/93)

D. José Trigo Barreira
D. Juan Varela Vázquez.
D. Amador Pena Mouriz.
D. Manuel Abuin Barreira.
D. Jaime Juan Romay Villamarín
D. José Ferreiro López.

En Pedreda, término municipal de Lugo, siendo las diez horas del día 2 de Mayo de 1.995, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora - de la Comunidad de Pedreda, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad en Asamblea general celebrada el 20 de Mayo de 1.994, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia, la firma de un Convenio que afecte al monte vecinal en mano común de su pertenencia de las siguientes características:

NOMBRE: "AS REGAS E OUTROS".-

SUPERFICIE: NOVENTA (90,- Has.) Nectáreas.-

LÍMITES:

PARCELA I

Norte .- Mas monte vecinal de la Comunidad de Pedreda.

Este .- Mas monte vecinal de la Comunidad de Pedreda,

Sur .- Mas monte vecinal de la Comunidad de Pedreda.

Oeste .- Rego.

PARCELA II

Norte.-Camino de Torre a Viña.

Este .-Propiedades particulares y Rego.

Sur .- Propiedades particulares.

Oeste.-Camino de Torre a Viña y propiedades particulares.

PARCELA III

Norte.- Camino de Cima de Vila a Viña.

Este .- Propiedades particulares.

Sur .- Antiguo Campo de Tiro y propiedades particulares.

Oeste.- Propiedades particulares,

2º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta, en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

José Trigo
J. Romay

Juan Varela
José Ferreiro

Amador Pena
José Pena